

Eu falo galego
Yo hablo gallego
Eu falo galego
I speak Galician
Je parle galicien
Io parlo galiziano
Ich spreche Galizisch

CONTIDOS

- .Portada
- .Editorial do Equipo de dinamización da lingua galega
- .Carta do director do centro
- .Vellas palabras novas:
Celso Emilio Ferreiro. Deitado fronte ao mar
- .Coñece o teu centro:
 - .o viveiro de empresas
 - .a biblioteca
- .Actualidade do RUP
 - .participación GaliciaSkills e SpainSkills
 - .alumnos nos Premios Ferrolterra Emprende Xove
 - .torneo baloncesto 3x3 inclusivo
 - .Isabel Risco conmemora o DLG no RUP
 - .Letras galegas 2013: Roberto Vidal Bolaño
 - .QUE:
 - .ler, ver, escoitar, clicar, comer, visitar
- .En recordo de Alfonso Fuentes Martínez
- .Un conto de nadal para o verán
- .Unha canción para o San Xoán
- .Contraportada: A dignidade de ser pallaso

CRÉDITOS

DIRECCIÓN, COORDINACIÓN EDITORIAL E DISEÑO

Equipo de dinamización da lingua galega CIFP RUP

CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro, Caranza
Ferrol, xuño de 2013

CONTAMOS CONTIGO

Este é un proxecto aberto e que precisa de ti para ser vivo. Se queres participar na revista ou nalgunha iniciativa de dinamización da lingua galega no centro, queres facer alguna crítica ou tes unha suxestión, podes poñerte en contacto con nós ao través do seguinte enderezo web:

edlg@cifprodolfoucha.es

Estaremos encantados de escoitar as túas ideas.
Precisámolas!

revista efG 2

EDITORIAL

Hai xa máis dun ano que o Rodolfo Ucha Piñeiro iniciou una nova etapa centrada xa plenamente na formación, acreditación e orientación profesional, como centro integrado de formación profesional (CIFP).

Un CIFP debe actuar coma un centro de referencia no contexto social e xeográfico no que se inserta e apoiar as persoas ao longo de toda a súa activa a desenvolver tanto as competencias profesionais como aquelas outras que lles permitan adaptarse a posibles modificacións laborais, e desenvolver unha vida activa e plena, tal e como indica a Lei orgánica de educación.

Neste sentido, a competencia lingüística é hoxe a ferramenta clave para lograr estes obxectivos. Pero na era da comunicación a lingua non debe ser entendida coma fin último e único, senón coma un instrumento cun grande potencial para tecer os distintos ámbitos do coñecemento e da vida.

É por iso que o Equipo de dinamización da lingua galega do RUP lle propón á comunidade educativa do centro esta revista efG coma vehículo de relación e comunicación no que achegar ideas, argumentos, contidos, referencias, etc. que nos permitan comprender a nosa realidade pero, sobre todo, contribuír a melloralas.

Pretendemos que esta sexa a primeira de moitas pedras que se irán labrando e perfeccionando coas achegas de todos; que este proxecto se vaia facendo certo con cada paso e que nunca estea rematado. Seremos o que queiramos ser. Chegaremos onde queiramos chegar.

Carolina G.

Carolina García Rodríguez é coordinadora do Equipo de dinamización da lingua galega do centro e profesora da familia profesional de edificación e obra civil

CARTA DO DIRECTOR DO CENTRO

O CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro conta desde o pasado curso 2011-2012 cun Equipo de dinamización da lingua galega. Este foi un dos cambios que introduciu o Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional da comunidade autónoma de Galicia.

Fernando López Uceira é director do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro e profesor da familia profesional de informática

Este Equipo de dinamización ten por obxectivo principal o de fomentar o uso da lingua galega para o que conta coa participación tanto de docentes, como alumnado e tamén persoal non docente, todos eles traballando en conxunto e deseñando actividades para acadaren ese obxectivo de promocionar o uso da nosa lingua.

Unha destas actividades é o proxecto efG (eu falo galego), do que forma parte esta revista que comeza a súa andaina con este primeiro número. Os contidos que atoparemos nela adaptaranse ás características e á vida no noso Centro educativo, non a falar da lingua galega como tal, a cal si será o vehículo de comunicación utilizado. A revista estará aberta ás suxestións de toda a comunidade educativa á que tamén se lle propondrá vías de participación e colaboración, todo isto co fin de incrementar de xeito natural o uso da nosa lingua. Desde aquí animo xa a que se fagan esas suxestións.

Non é casualidade que o primeiro número da revista efG fraguase no mes de maio, como sabemos, un mes moi importante para a nosa cultura e a nosa lingua no que se conmemora o Día letras galegas, este ano 2013 dedicado ao escritor, actor e autor de teatro, Roberto Vidal Bolaño. De feito, co gallo desta celebración, unha parte deste número fala deste autor.

Complétanse os contidos con outros temas de interese como unha entrevista ao alumno que participou con éxito nas Galicia Skills e nas Spain Skills, unha lembranza a un profesor que nos deixou o ano pasado, unhas propostas de recomendacións sobre lugares aos que ir, e ata hai unha receita dun postre.

Non quero rematar sen antes felicitar a todos os membros do Equipo de dinamización da lingua galega polo seu esforzo e dedicación e tamén ao resto da comunidade educativa pola súa colaboración. Todos xuntos contribuiremos a que este proxecto efG continúe con éxito, un éxito que significará que a lingua galega estará moi presente e moi viva no noso día a día no centro e, deste xeito, tamén o estará nas nosas vidas. É esta unha das finalidades para a que traballamos a cotío.

Fernando L. Uceira



O ano 2012, centenario do seu nacemento, foi declarado polo Parlamento galego como o ano de Celso Emilio Ferreiro, un dos creadores máis importantes e comprometidos da nosa cultura e literatura

Imaxe: Fundación Celso Emilio Ferreiro

DEITADO FRENTE AO MAR

Língua proletario do meu pobo,
Eu fáloa porque sí, porque me gusta,
Porque me peta e quero e dame a gaña;
Porque me sai de dentro, alá do fondo
Dunha tristura aceda que me abrangue
Ao ver tantos patufos desleigados,
Pequenos mequetrefes sin raíces
Que ao pór a garabata xa non saben
Afirmarse no amor dos devanceiros,
Falar a fala nai,
A fala dos abós que temos mortos,
E ser, co rostro erguido,
Mariñeiros, labregos da lingoaxe,
Remo i arado, proa e rella sempre.
Eu fáloa porque sí, porque me gusta
E quero estar cos meus, coa xente miña,
Perto dos homes bos que sofren longo
Una historia contada noutra língua.
Non falo para os soberbios
Non falo para is ruís e poderosos,
Non falo para os finchados
Non falo para os valeiros,
Non falo para os estúpidos,
Que falo para os que agoantan rexamente
Mentiras e inxusticias de cotío;
Para os que súan e choran
Un pranto cotidián de volvoretas,
De lume e vento sobre os ollos núos.
Eu non podo arredrar as miñas verbas
De tódolos que sofren neste mundo.
E ti vives no mundo, terra miña,
Berce da miña estirpe,
Galicia, dóce mágoa das Españas,
Deitada rente ao mar, ise camino...

Deitado frente ao mar pertence a Longa noite de pedra, obra de Celso Emilio Ferreiro publicada en Vigo no ano 1962

Aquí podes escoitar a MC García interpretar un rap sobre unha base de Mou con este poema de Celso Emilio:
celsoemilioferreiro.org/fonoteca-2/?lang=es

Atrévete a cantala!

MC García e Mou pertencen ao grupo de hip-hop de Ordes, Dios ke te crew.

COÑECE O TEU CENTRO

O viveiro de empresas

Que é un viveiro de empresa?

É un local dividido en despachos equipados con moblaxe, sala de reunións, equipamentos informáticos e os servizos precisos para levar as xestións necesarias para poñer en marcha a túa iniciativa emprendedora.

Que ofrece o viveiro de empresas do noso centro?

Asesoramento, infraestrutura e servizos



Asesoramento

·Formación e apoio do profesorado que imparte docencia nos ámbitos relacionados co sector no que se desenvolverá o teu proxecto

·Titoría do coordinador de emprendemento, Julio Laxe, responsable do seguimento e da orientación no teu proxecto

·Asesoramento de persoal técnico especialista

Infraestrutura

·Locais axeitados para o desenvolvemento das actividades das persoas emprendedoras

·Moblaxe básica propia dunha oficina: ordenador persoal, fax, etc.

Servizos

·Servizos asociados ás infraestruturas e á actividade empresarial: seguridade, limpeza, luz, ADSL, etc.

Os viveiros proporcionan unha plataforma para establecer relación con outras empresas, administracións e institucións, o que facilita coñecer outras experiencias e abrir camiño no mercado.

Decídete

Se tes unha boa idea, decídete.



Para contactar con nós:

Teléfono 981 321 565 (Julio Lage)

Correo electrónico:

viveiroferrol@cifprodolfoucha.es

Quen pode empregar os viveiros educativos?

Pódeno facer as persoas que teñan un plan de empresa viable e que cumpran as seguintes condicións:

·Estar matriculadas no último curso dun ciclo de formación profesional

·Que remataran os seus estudos de FP non últimos catro anos e tamén as que estean a estudar bacharelato

Experiencias

Na actualidade hai xa unha empresa funcionando no viveiro do centro: GAITHSA CAD, cuxa actividade se centra nos servizos de delineación e deseño CAD (debuxo asistido por computador), BIM (modelado de información para a construción), MEP (mecánica, electricidade e tubarías -piping), modelado e infografía 3D e *outsourcing* (subcontratación de persoal). Podes coñecelos ao través da súa web: www.gaithsa.com

Tamén estamos a asesorar outros tres proxectos de empresa: DyB Tech,

Julio Lage

Julio Lage é o responsable do viveiro de empresas do centro e profesor da familia profesional de administración e xestión

COÑECE O TEU CENTRO

A biblioteca

Dende a biblioteca queremos facer constar a nosa lección polo nacemento desta nova revista xurdida ao abeiro do equipo de dinamización da lingua galega. No noso desexo vai o compartir espazo con outras publicacións periódicas menos modestas e de moita máis envergadura, pero sabemos que esta será querida e prezada por ser nosa e por tratar temas que nos poidan interesar e entreter e que, en calquera caso, non nos serán alleos.

Medra con ela a nosa oferta informativa e lúdica sustentada na presenza de diversos xornais diarios e revistas, e que converte á biblioteca en algo máis que un espazo agradable para o estudo ou para a realización de tarefas académicas. É tamén un lugar onde informarse das novas do día e ler os artigos de opinión, botar un sorriso con algunha revista satírica ou tomar boa nota de como poñerse en forma ou como ir á moda. Podemos viaxar no tempo e no espazo, tomar conciencia medioambiental e en materia de dereitos humanos e, se o desexamos, podemos saír á última en canto á actualidade musical e cinematográfica.

Mais a biblioteca non é só revistas. Hai unha mancha de obras literarias clásicas e de actualidade, tanto en galego coma en castelán, que incluso pretendemos estender a outras linguas estranxeiras, para dispor de obras na súa versión orixinal. Todas elas temos a posibilidade de gozalas na nosa casa grazas ao servizo de préstamo. Dispoñemos tamén de enciclopedias, tanto temáticas coma xerais, que só poden ser consultadas na sala pero que son un universo abraiante de coñecemento.

O cinema en DVD é quizais a nosa oferta de máis éxito. A escollida selección de películas, complementadas coas da revista Speak Up son, sen dúbida ningunha, o material máis emprastado. Agardamos á maior brevidade posible, poder catalogar novos títulos para a colección.

En fin, queremos que a biblioteca sexa un pulmón que osixene a vida do noso centro de xeito que, ademais de permitir acceder a bibliografía específica de cada módulo ou ser lugar de traballo académico ou de acceso informático e para a impresión de traballos, sexa un lugar de fantasía, de cultura, de entretemento, de complemento á vida coma estudantes do Ucha. E para iso necesitamos que nos usedes e que nos aconselledes.

E para iso nace tamén esta nova revista. Procuraremos, na medida das nosas posibilidades, dar soporte á meirande parte das recomendacións literarias, de cinema, etc. que dende ela se fagan. De igual xeito, estamos abertos aos vosos consellos e peticións a través da caixa de suxestións que se localiza á entrada á dereita, baixo a fiestra das novidades.

O dito, benvida á nova revista, benvidos á biblioteca. A estudar e a gozar!

Raúl A.

Raúl Aneiros Cabana é o responsable da biblioteca do centro, profesor da familia profesional de informática e membro do equipo de dinamización da lingua galega.



Neste curso, o alumno Alejandro Romero Rivera, do 2º ano do CM Sistema Microinformáticos e Redes, participou no II Campionato Galego de Formación Profesional GaliciaSkills 2012 e nas Olimpíadas da Formación Profesional SpainSkills 2013, na especialidade de soporte de rede. Para preparar estas probas contou coa axuda do profesor Víctor M. Martínez quen imparte clases no primeiro curso do ciclo e quen o entrevista aquí.

Víctor M. Martínez: Cando comezaches a preparar o campionato galego?

Alejandro Romero Rivera: No verán, no mes de xullo viña un día á semana ao centro para preparar as probas. En setembro, cando comezou o curso, un par de días pola tarde quedaba no centro para preparar a proba.



Alejandro no IFEMA

O día da proba, estabas moi nervioso? Estaba nervioso. Durante toda a proba temía non facer nada e preocupábame a configuración dos routers cos que aínda nunca traballara*1.

Cando remataches a proba, pensaches que fora moi difícil? Non, basicamente eran cousas que xa probara a facer antes no instituto.

Pensaches que podías gañar o campionato galego? Esperaba que non. Daquela, a idea de ir a Madrid non me convencía. Sabía que quedaría primeiro ou segundo, pero non pensaba gañar.

Ao gañar a proba galega, recibiches algún agasallo? Si, estou moi contento diso: un ordenador *tablet**2.

Para a Olimpíada SpainSkills 2013, dedicácheslle máis tempo? Máis ou menos igual. Seguimos quedando un par de días pola tarde no centro.

Durante as vacacións de Nadal tamén preparaches a proba? Si. Descanso, ningún.

Ao achegarse o mes de febreiro, precisaches máis tempo de preparación? Seguimos co mesmo tempo. Non pensaba en gañar; só en participar.

O primeiro día de competición, saíches contento? Si, fixen practicamente todos os apartados.

Pasados os nervios do primeiro día de competición, que tal foron os outros? O terceiro e o cuarto, horrible; o segundo día podería ter saído mellor, se tivese preparado máis SAMBA.

Na entrega dos premios, Carlos Carrión -que representou a Galicia como experto na competición de soporte de rede- desvelou que ese día Alejandro obtivera a mellor puntuación dos doce participantes. Isto ten moito mérito, por cursar os representantes das outras comunidades ciclos de grao superior e ser Alejandro o máis novo.

Que día foi o máis difícil? O cuarto. Case non tiña idea de nada.

Ao rematar a competición, cales foron as túas sensacións? De alivio; por fin remataba. Aínda que me gustou o ambiente, os expertos eran moi simpáticos e que o pasei ben, sentíame aliviado.

Fixeches amizade con outros participantes? Tanto como amizade, non. Sobre todo, falei co representante de Aragón.

Que tal o ambiente no hotel da delegación galega durante a competición? Moi bo. Tiven trato con moitos competidores e compartín cuarto con Ismael Rosende, que participaba na especialidade de electrónica.

O 17 de febreiro tivo lugar a entrega das medallas das Olimpíadas. Que recordas dese día? Estaba tranquilo. Despois do segundo día de competición xa non esperaba obter medalla. Alegreime por Ismael que obtivo a medalla de ouro.

O regreso a Galicia fíxose en tren. Que tal o ambiente nas seis horas de viaxe?

Moi bo, como durante todo o tempo da competición.

Se puideses repetir, presentaríaste de novo? De preguntarmo cando cheguei de Madrid diríache que si. Agora xa tería que pensalo ... Posiblemente, si.

Animarías os teus compañeiros a presentarse ao campionato galego 2014? Van ter que estudar moito, pero que se apunten.

Finalmente, Alejandro quedou no cuarto posto, ás portas das medallas. Pola puntuación obtida nos catro días de competición, acadou unha mención de excelencia.



Galiciaskills

A proba galega do Skill soporte de rede celebrouse no IES San Clemente de Santiago de Compostela o 24 de outubro.

Xunto con Alejandro Rivera, alumno do CFP Rodolfo Ucha Pineiro, participaron Alejandro Filgueiras, do IES Isidro Parga Pondal (Carballo), e Francisco J. Louro, do propio IES San Clemente.

A proba, preparada por Carlos Carrión -profesor do IES San Clemente- consistiu nun exercicio no que os participantes debían configurar tres servidores con Windows Server e outros tantos con GNU/Linux Debian, varios clientes con Windows 7 e Ubuntu 12.04 e os equipos de comunicación en rede.

Polo número de ordenadores a configurar, gran parte do traballo se facía con máquinas virtuais en VirtualBox e Xen Server.

Os alumnos dispuxeron de tres ordenadores portátiles, dun conmutador (switch) e de dous encamiñadores (routers) da marca Cisco, así coma dunha impresora con conexión de rede.

**1 Para preparar a proba galega, utilizouse un software de emulación (non dispoñemos no centro de dispositivos de rede da marca HP), cun funcionamento algo diferente.*

Despois de gañar o campionato galego, Alejandro contou con dous conmutadores Cisco doados polo servizo informático do SERGAS.

**2 O ordenador co que foi agasallado Alejandro foi cortesía da empresa Elinfo de Santiago, un dos patrocinadores do campionato Galiciaskills.*



Participantes galegos despois da entrega de medallas no Spainskills 2013

Spainskills

O 12 de febreiro tivo lugar no Ifena de Madrid o acto de apertura das 34^o Olimpíadas da Formación Profesional SpainSkills 2013.

Entre os días 13 e 16 desenvolveuse a competición, na que un total de 23 alumnos galegos participaron por 21 especialidades diferentes.

Na especialidade de soporte de rede, Alejandro Romero dispuxo dun equipamento informático semellante ao da proba galega: 3 ordenadores e varios dispositivos de rede cos que simular o funcionamento de varios servidores e clientes. Os obxectivos para acadar variaban de un día a outro de competición, e eran moi diferentes entre si.

Este artigo foi elaborado por Víctor Martínez e contou coa colaboración de F.J. Castro Milia, profesor da familia profesional de informática e membro do equipo de dinamización da lingua galega do centro.

O Concello de Ferrol e a Asociación de Jóvenes Empresarios de Ferrolterra (AJE) organizaron Premios Ferrolterra Emprende Xove, dirixidos a fomentar o espírito emprendedor, a innovación e o progreso. Na categoría de Formación Profesional, os alumnos do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro do Ciclo Superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas, Carlos Martínez García, Juan Devesa Dopico e José Luis Sequeiro Romalde, asesorados polo seu profesor Marco Lamela, fixéronse co primeiro premio Emprende Xove.

A súa proposta foi "Gamur SL", unha sociedade dedicada aos servizos deportivos. O nome da empresa ten a súa orixe nas dúas rexións que nun principio conformarían o seu mercado xeográfico, Galiza e Murcia (de onde é orixinario Carlos Martínez). Isto pode ser un exemplo dun traballo en equipo co aproveitamento das calidades individuais que se complementan e que fan máis posible a súa proxeción na realidade. As iniciativas emprendedoras e sobre todo da xente nova poden ser unha das saídas primordiais ante a delicada situación económica e laboral actual.

A gala de entrega de premios tivo lugar no salón de actos do campus universitario de Esteiro o día 5 de abril de 2013, onde os gañadores recolleron os seus premios e expuxeron as súas ideas.



Entrega de diplomas aos alumnos premiados

Torneo de baloncesto 3x3 inclusivo con Basketmi

O 16 de maio xogouse no Ucha un torneo de baloncesto 3x3 inclusivo, organizado polo departamento de actividades físicas e deportivas e o clube Basketmi Ferrol. Ademais de traballar contidos curriculares, o obxectivo era invitar a todos os alumnos e alumnas do centro -presentasen ou non algún tipo de discapacidade- a situarse nun mesmo plano para comprender as bondades dunha sociedade igualitaria e inclusiva.

Nesta modalidade, cada equipo integra persoas con algún tipo de discapacidade e persoas sen ningunha, e compítese en cadeira de rodas nun encontro tres a tres.

Participou, ademais dos alumnos de actividades físicas e deportivas e os membros de Basketmi, alumnado das familias profesionais de edificación e obra civil e de informática, ademais de persoas con algunha discapacidade que non cursan estudos no centro.



Encontro 3x3 inclusivo. Fotografía: Elena Abad
Experiencia en accesibilidade

Por Sergio Busto, Rodrigo Hermida e Rubén Fernández, do primeiro ano do CS de proxectos de obra civil:

A práctica na cadeira de rodas resultou ser máis difícil do que parecía inicialmente, por non estar afeitos a ela. Daste conta do difícil que é desprazarse por unhas horas na cadeira e imaxinas os que o teñen que facer de cotío. E agora, cando imos pola rúa, acordámonos daquel partido e da nosa experiencia; do difícil que o ten algunha xente no día a día nos espazos non adaptados: subir e baixar beirarrúas, pendentes excesivas ... pero, sobre todo, lembramos as gañas que demostran de superarse a si mesmos en cada momento.

Adaptar os contornos para que sexan accesibles pode ser custoso, pero moita xente agradecerá.

Nabiza girl: Isabel Risco no Ucha o Día das letras galegas

Para conmemorar o Día da letras e tamén a Roberto Vidal Bolaño, o pasado xoves 16 de maio achegouse ao Ucha unha actriz.

Isabel Risco é unha moza coruñesa de nacemento e sadense de espírito que ía para avogada pero á que o teatro no instituto de Zalaeta é tamén na Universidade da Coruña fixéronlle trocar de vocación.

Nun ano no que conmemoramos a Vidal Bolaño temos que dicir que Isa, entre moitas outras, participou na obra *Paxariños* do autor homenaxeado. Os seus traballos son do máis variado: cine, series, programas de humor, spots publicitarios, presentadora e amenizadora de todo tipo de eventos que van dende unha gala ata o pregón dunha festa. Os escenarios nos que se move varían entre os teatros e pazos de congresos e os galpóns.

Din de Isa que é activista os 7 días da semana. Defensora e dinamizadora da nosa lingua, destaca a súa participación na campaña *Orgullos@s do noso, Orgullos@s do galego*, organizada pola Coordinadora dos EDNL hai dous anos.

Entrou no centro sendo Isabel pero, cerca da unha da tarde, voltou á mocidade transformándose nunha rapaciña que só facía botellón ata que foi enviada pola AEK (a Axencia espacial Koruñenta) ao espazo exterior con intención de que vise o que por alí había e de que deixase algo do idioma *Koruño* por eses lugares.

Isa foi quen de improvisar unha representación do conto (o auténtico) da Carapuchiña vermella cuns alumnos do centro que se presentaron coma actores *voluntarios*. Tamén nos contou a historia de Jonathan, o rapaz de cidade que aprendeu o valor da súa lingua vendo o importante que era o seu avó Balbino, un home de aldea que falaba galego. Pero a *chorva* que caeu do espazo, ao virlle a fame e comer bolería industrial sentiuse fatal e, de forma milagrosa, apareceu convertida en *Nabiza girl*, unha superheroína nada convencional.

Dise por aí que o noso país está cheo destes seres. Non se sabe moi ben a razón, pero hai estudos que indican que a contaminación ambiental dota a rapaces e rapazas de máxicos poderes.

Nabiza girl é unha superheroína rural galega con denominación de orixe protexida, froito da inxesta dun produto básico da alimentación galega: o sulfato de cobre. Esta rapaza descobre os seus superpoderes da man dunha comadre, boa xente e boa amiga, quen aconsella a Nabiza que aproveite ese poderes para loitar contra o mal. E ela asume así coma profesión descubrir e loitar contra todo aquilo que agreda o rural galego.

Nabiza girl ten moita forza pero sobre todo moita *ansia*, e deixou dito que se precisamos a súa axuda bastará con que aturuxemos con forza o seu nome.

Antes de marchar, *Nabiza girl* deixounos o seu lema:

FE EN DIOS E FERRO A FONDO!!!
... co GALEGO

Eva Robles F.



Isabel leu en primicia as primeiras páxinas de *Memorias dun neno labrego reloaded*, recién saído do prelo no espazo exterior



Carapuchiña protagonizou momentos de grande intensidade dramática xunto coa avoa, o cazador e o lobo



Nabiza girl



Un dos autores máis relevantes da literatura galega, que entronca a nosa cultura tradicional coa vangarda audiovisual internacional

Home de teatro total:

- autor, director, guionista,
- actor, dobrador, iluminador,
- fundador, empresario
- ideólogo, crítico, articulista

Pioneiro na profesionalización do teatro galego

Amante da expresión audiovisual contemporánea

Director de cine non logrado debido á ausencia dunha industria galega


Escritor e dramaturgo reconecido con múltiples premios


Crítico co poder na súa vida e obra



Algúns dos carteis das obras de autoría de Vidal Bolaño

Fonde das imaxes do artigo:
<http://robertovidalbolano.org/>





OBRA EN TEATRO

Entre outros títulos:

- Laudamuco, señor de ningures
- Ledaíñas pola morte do Meco
- Bailadela da morte ditosa
- Agasallo de sombras
- Cochos
- Días sen gloria
- Saxo tenor
- Touporroutou da lúa e do sol
- Doentes
- A ópera de a patación
- Rastros
- Mar revoltó
- Animaliños
- Integral
- A burla do galo
- As actas escuras

PREMIOS

Entre outros:

- O Facho
- Medalla de Ouro de Valladolid
- Álvaro Cunqueiro,
- Compostela
- Rafael Dieste
- Camiño de Santiago
- María Casares
- Eixo Atlántico
- Max de Teatro
- Premio San Martiño de Normalización Lingüística
- Premio Irmandade do Libro
- Diversos premios coma iluminador, director e a toda a súa traxectoria

QUE...

ler en galego

Obra orixinal galega

Extramunde, de Xavier Queipo

Edicións xerais de Galicia, 2011. 374 p. ISBN: 97884499143019
Unha premiada novela de aventuras que transcorre no s. XVI.

Todo é silencio, de Manuel Rivas

Edicións xerais de Galicia, 2010. 280 p. ISBN: 9788499141695
Novela, tamén recoñecida con varios premios, que narra as complexas vidas dun grupo de amigos que se desenvolven nun complexo mundo de naufraxios, contrabando e narcotráfico.

Todo sobre o fútbol galego, de Carlos Freire Cordeiro

Edicións xerais de Galicia, 2012. 232 p. ISBN: 9788499144467
Unha visión ampla e fresca sobre o fútbol en Galicia.

Saxo tenor, de Roberto Vidal Bolaño

Edicións xerais de Galicia, 1993. 104 p. ISBN: 9788475077154
Un argumento de novela negra que mestura teatro e cine americano nunha historia de perdedores sempre vixente.


Obra traducida

O vixía no centeo, de J. D. Salinger

Tradución de José R. Fernández Rodríguez
Edicións xerais de Galicia. 224 p. ISBN: 9788483023652
Unha das novelas iniciáticas máis recoñecidas e lidas da literatura universal, narra as contradicións e desasosigos do protagonista, no seu paso da adolescencia á mocidade.

Harry Potter e a pedra filosofal, J. K. Rowling

Tradución de Marilar Aleixandre
Editorial Galaxia. 256 p. ISBN: 9788482884967
A primeira das coñecidas aventuras do aprendiz de meigo




TOMA NOTA

Dende a páxina da Rede de bibliotecas de Galicia terás acceso á relación, ás características e ao catálogo de todas as bibliotecas que forman parte dela, e poderás localizar calquera material bibliográfico ou audiovisual e coñecer a súa dispoñibilidade. Esta rede está integrada por bibliotecas nodais, municipais, de centros de ensino, universidades, fundacións, museos e diversas institucións e organismos tanto públicos coma privados.



Sácalle partido e colle unha enchenta de ler, ver, escoitar os seus fondos e mesmo de participar nas actividades que organizan moitas destas bibliotecas:

<http://rbgalicia.xunta.es/>





La sonrisa etrusca, de J. L. Sampedro
 Debolsillo, 2008. 336 p. ISBN: 9788497591638 (1ª ed. 1985)
Unha das 100 mellores novelas en español do s. XX e escrita por un auténtico humanista, que conservou a súa xuventude de pensamento e espírito de loita polo progreso social ata o seu pasamento con 96 anos o pasado mes de abril.

Victus: Barcelona 1714, de Albert Sánchez Piñol
 La campana, 2012. 605 p. ISBN: 9788496735729
Unha novela histórica bestseller en catalán e castelán da que xa se prepara xogo de mesa e videoxogo.

El viento de la luna, de Antonio Muñoz Molina
 Seix Barral, 2006. 320 p. ISBN: 9788432212277
A chegada á lua desenvólvese paralelamente ao abandono do mundo da infancia por parte do protagonista. Un delicioso relato do último Premio Príncipe de Asturias das letras.

Inés y la alegría, de Almudena Grandes
 Tusquets editores, 2010. 736 p. ISBN: 9788483832530
A historia da invasión do val de Arán por un grupo de homes e mulleres guerrilleiros que se pretenden liberar España no 1944.




Ier en inglés

Lord of the flies, de William Golding
 G. P. Putnam S Sons. 224 p. ISBN: 9780399533372
Novela xenial que relata as feras loitas polo poder nun grupo de nenos obrigados a sobrevivir sen adultos nunha illa deserta tras un accidente aéreo. Este clásico da literatura universal ten sido inspiración de numerosos autores dende a súa publicación en 1954; mesmo novelas manga e existosas series (Lost) acoden aínda hoxe a ela para buscar as claves do comportamento humano en situacións límite.

Ier en francés

Le petit prince, de Antoine de Saint-Exupéry
 Gallimard, 113 p. ISBN: 9782070612758
Esta conmovedora historia dun principinho, o seu miniplaneta e a súa querida flor non dá esgotado as fermosas e reveladoras imaxes e as sutís leccións sobre o que verdadeiramente importa na vida. Poucas obras admiten relecturas infinitas e conseguen emocionar sempre en todas e cada unha delas.



En galego:

Señor das moscas,
 Edit. Sotelo Blanco edicións,
 244 p. ISBN: 84-7824-185-X

En galego:

O principinho,
 Trad. Carlos Casares.
 Edit. Galazia, 132 p. (6ª ed.)
 ISBN: 84-9865-034-1

ver

Era visto!

de Zopilote!

Xenial *sitcom* da television galega, Mestre Mateo á mellor serie pola Academia galega do audiovisual.

Os brevísimos capítulos desenvolven situacións cotiás tinxidas de humor e surrealismo nun gusto polo falar, escoitar pero, sobre todo, polo pontificar que todos levamos dentro. Apto para todos os gustos.

Enlace para seguila na rede:

www.crtvg.es/tvg/a-carta/programa/era-visto



Imaxe: *Era visto!* facebook

18 comidas

Jorge Coira, 2011

Ao redor das principais comidas dun único día, vivimos seis historias que poderían ser as nosas. Galego, castelán, inglés, e macedonio son o vehículo das conversas que se entrelazan dende o almorzo á cea e que cociñann unha longametraxe na que o importante, coma na vida, son as relacións.

Premio especial do xurado en Annecy, Francia; 7 premios Mestre Mateo; Mellor dirección en Taormina (Sicilia), Premio especial do xurado e do público en Ourense; mellor película en La Laguna

Fluzo



Lastre e Oleada (2013)



Quen ía dicir que a renovación e a vangarda da escena do hip-hop estatal nacería en Galicia. Non hai dúbida de que o disco de Fluzo de título homónimo é un dos descubrimentos musicais do 2012. Bases (Javi) que superan os monótonos bombo-caixa e sampler e letras (Hevi) que se alonxan dos tópicos rapeiros máis manidos contrúen o universo Fluzo. Como eles mesmos din *nin menos nin máis, fagamos algo único*. E único é o resultado conseguido, a escoita do tema *Cheiras Funky* ou *Mundo verde* revelan toda a intesidade e capacidade de suxestión da súa música. Un nome imprescindible da música galega e, por suposto, unha referencia para todo hip-hop español.

Ataque escampe



Violentos anos dez (2011)

As Ataque Escampe escriben cancións con salsa agri doce. Producen músicas tristes para escenarios con cortina vermella, reverbs torturados e himnos á derrota, pero tamén rock'n'roll para desabrochar as camisas, soul hilarante e, por que non, ruído. Textos amargos que manchan as mans con algo que chamaremos optimismo e a estraña melancolía dun crooner extraterrestre. Arrástranse desde 2001 polos escenarios, electrificándose de a pouco conforme pasan os anos, mudando de formación e deixando constancia do seu paso pola Terra en formato disco: *Galicia es una mierda* (2008), *A grande evasión* (2009), *Violentos anos dez* (2011) ou *Noites de agosto con Ataque Escampe* (2012), entre outros. Do pop á americana con paradas no krautrock, na cumbia, no tango, no rap, no calipso e onte vostedes queiran se non lles preocupan demasiado a pureza e esas cousas. Perdedores, perdedoras: deixen as miserias na casa e veñan bailar a súa música sen complexos ao campo da festa de α Centauro.

Fonte do texto:

www.ataqueescampe.org

Podes escoitalos en :


ataqueescampe.bandcamp.com/album/noites-de-agosto-con-ataque-escampe

Nouvelle cuisine



Mientras tanto, colección otoño/invierno é o terceiro EP que publica Nouvelle cuisine, grupo de indi pop da Coruña que naceu no ano 2001.

Os seis temas que integran esta colección outono/inverno serán completados cunha segunda entrega para conformar un LP, xa prevista no deseño da edición física.



Nouvelle cuisine -catro maquetas, tres EP e un LP, todos eles autoeditados- é un grupo independente na que palabra e son (e mesmo imaxe), nos devolven o gusto por cantar a berro limpo, coma os nenos.

Podes gozar dos seus últimos EP e informarte de próximos concertos en:
nouvellecuisine.bandcamp
Dous vídeos de *La guerra del volumen*, o seu anterior traballo:
vimeo.com/nouvellecuisine
O seu EP *De memoria*, en:
www.lastfm.es/music/Nouvelle+Cuisine/

clicar

A web do Rodolfo Ucha

www.cifprodolfoucha.es/



Para estar puntualmente informado de todas as novas que che interesan.

Portal da FP galega

www.edu.xunta.es/fp



A páxina da Xunta de Galicia onde tes toda a información sobre a formación profesional: acreditacións, probas, validacións, currículos, normativa, empresa, convocatorias, etc.

Real Academia Galega

www.realacademiagalega.org



REAL ACADEMIA GALEGA

Na páxina da Real Academia Galega atoparás recursos e información relacionada co galego. O seu dicionario serate de grande axuda para resolver as túas dúbidas; e mesmo podes descargalo no teu móbil!

O portal das palabras

portaldaspalabras.org



Nesta dinámica web tes material audiovisual, aplicacións e recursos de todo tipo para gozar co galego. Asómate!

comer

Bica

Non temos festa nin ocasión especial no Ucha que non celebremos cunha boa bica de manteiga; é moi boa de facer e é por iso polo que vos convido non só a probala senón tamén a face-la. Aí vai a receita:

Ingredientes

6 ovos
4 vasos de azucre
500 gramos de manteiga
2 vasos de leite
6 vasos de fariña
2 sobres de levadura



Imaxe, receita e elaboración: Eva Robles

Elaboración

Prendemos o forno co ventilador a 150 °C. Mentres se vai quentando, imos facendo a masa.
Mesturamos os ovos co azucre; por outra banda, derretemos a manteiga e temperamos co leite. Xuntamos todo e, sen deixar de remexer, engadimos a fariña co levedo.
Forramos unha forma con papel de forno, vertemos a masa e, antes de meter no forno, engadimos unha presa de azucre por riba.
Cocemos unha hora e media a 150 °C. Despois de sacar a bica do forno, deixámola arrefriar sobre unha grella.
Bo proveito!

Eva Robles Freire é secretaria do centro, profesora da familia profesional de informática e membro do equipo de dinamización da lingua galega.

QUE...

visitar

Monteventoso

A faixa litoral do concello de Ferrol comeza (ou remata) moi preto do noso Ucha e esténdese ata o remate da praia de Ponzos. Toda ela é un lugar onde ir recurrentemente. Percorrela enteira en xornadas de andaina ou achegándonos aos distintos puntos por medios mecánicos é un seguro de lecer e goce para os sentidos, en especial para a vista.

Pero hoxe quero recomendarvos, de entre todos os moitos lugares que a compoñen, aquel primeiro ao que eu acudo en días con boa visibilidade, cando teño que lle facer de cicerone a algún forasteiro e sei que non vou ter tempo de amosarlle nada máis. Ese lugar é o Monteventoso, ao comezo do Cabo Prioriño ao noroeste da boca da ría.

Podemos chegar ao Monteventoso pola estrada que vai da Malata a Valón e Penencia, tomando o desvío á esquerda que nos sobe até O Confurco ou (máis recomendable, aínda que con peor estrada) por A Cabana, A Graña e San Felipe para continuar até a praia de Cariño e dende alí subir tamén a O Confurco.

Neste segundo itinerario, a beleza paisaxística vai medrando conforme avanzamos cara á entrada da ría e ademais hai treitos moi agradecidos para facelos a pé pois van a carón do mar. O primeiro, xa de saída, o da Malata á Cabana e despois, unha vez pasada a aldea de San Felipe e o seu famoso castelo, hai outra senda peonil que nos deixa preto do porto exterior, nun fermoso miradoiro.


En San Felipe poderemos gozar da que é sen dúbida a estampa máis pintoresca de todo Ferrol pois as súas casa de tipoloxía mariñeira coa praia e as barcas aos seus pés e o castelo ao fondo son dunha fermosura difícil de igualar. O castelo, por suposto, ben merece unha visita, ao igual que outras baterías militares defensivas que salpican o que



Prácticas de parapente. Observatorio militar de Monteventoso



Estado actual da pista de acceso



resta de percorrido.

Pero cheguemos por fin ao noso destino.

Dende O Confurco debemos continuar cara ao Pieiro e pararnos á dereita, na base da subida que nos leva ao Monteventoso. O desvío non está sinalizado e, aínda que hai unha pista pola que antano accedían os coches, hoxe, dado o estado en que se atopa, xa non é posible. Porén, a subida andando non nos levará



O golfo Ártabro está formado polas rías de Ferrol, Ares, Betanzos e A Coruña.

Recibe o nome do pobo de orixe celta que habitaba este territorio antes da chegada dos romanos.

*Rota sendeirismo
www.xaspe.com/sendaweb/*

E vai pagar a pena!

Á medida que imos subindo, xa divisamos o marabilloso golfo Ártabro que vai gañando en espectacularidade canta máis altura acadamos. Unha vez arriba e mentres recuperamos os folgos, podemos decatarnos da beleza que reborda o conxunto: a entrada da ría de Ferrol, a praia de Chanteiro e Punta Segao, toda a bocana da ría de Ares e Betanzos, o Seixo Branco de Lorbé coa famosa Marola diante e a ría de O Burgo. A carón, a cidade de A Coruña, na que sobresaí a Torre de Hércules, patrimonio da humanidade. En días moi claros distínguense perfectamente os edificios da cidade e seguindo a costa acádase a ver



deica as illas Sisargas, fronte Malpica. Máis ao oeste, o océano preparado para brindarnos fermosísimos solpores.

Artigo e fotografías: Raúl Aneiros

Xa sería suficiente, perdón notable, se non fose porque aínda nos queda o mellor. Que ninguén se dea a volta sen dirixirse cara ao norte, doutro lado da ruína do antigo observatorio que fica alí no cumio do monte!.

Aos poucos, albiscaremos unha vista que ningún ferrolterrán nin ningún visitante debería perder...Diante dos nosos ollos, espléndidos amósanse os areas de Penencia e Doniños, San Xurxo, Esmelle e Covas, co cabo Prior ao fondo e a lagoa de Doniños en primeiro plano adobiando tan abraiante conxunto.

Unha auténtica delicia e un motivo de fachenda para os que de aquí somos, e unha pena

revista **el 19** se a descoñecido para moitos.

EN RECORDO DE ALFONSO FUENTES MARTÍNEZ

Por J.F. Rego Maragoto e J.R. Veiga Formigo

Alfonso Fuentes Martínez foi alumno da Escola de mestría industrial de Ferrol, onde obtivo o título de mestre industrial delineante e onde se converteu seguidamente en profesor. Dedicouse á docencia ata o seu pasamento, hai algo máis dun ano.

A convivencia que tiveron con el durante máis de trinta anos -coma compañeiro no departamento, coma xefe de estudos e, finalmente, coma director- danme a forza necesaria para escribir esta pequena memoria para falar del coma profesional, compañeiro e amigo; sobre a súa estadia con todos nós.

Como profesional, abrangueu todas as ramas da delineación: a industrial, a da construción, o maquetismo e, por último, a topográfica cando se implantaron as ensinanzas da LOGSE no CS de Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas, coma profesor do módulo profesional de Traballos de campo e gabinete. Sobre esta última faceta, debo indicar que poucas persoas nos tempos actuais teñen, como el tiña, a motivación suficiente para seguir buscando sempre a superación, sen axuda. A ampliación de coñecementos levouno mesmo a asistir a cursos de topografía en dependencias do Exército en Huesca e a todos aqueles para os que as casas comerciais de aparellos topográficos pasaban invitación.

Persoa disposta, loitadora, que non se rendía nas situacións difíciles, sempre mirou cara diante para lograr os seus obxectivos. A súa estratexia pedagóxica foi a de situar o alumno ante problemas reais para que os resolvese de xeito profesional manexando adecuadamente todos os instrumentos dispoñibles e traballando en equipo: coordinando e encaixando as distintas partes e fases do traballo como medio para establecer controis de calidade eficientes. Alfonso transformaba a aprendizaxe nunha actividade divertida e estimulante.

Na busca do recoñecemento do traballo que realizaban os seus alumnos e alumnas, promoveu convenios de colaboración entre o centro e diversos concellos, entre os que destacan os que se centraban no levantamento dalgúns dos exemplos máis senlleiros da arquitectura galega, que sempre se realizaba cunha elevada calidade gráfica.

Para o Concello de Ferrol realizou o levantamento topográfico dos xardíns de San Francisco e os subterráneos da Costa de Mella -que recolle ideas consideradas no PERI de Argüelles, redactado polo arquitecto J. A. Alonso Rodríguez, quen lle brindou o seu apoio nesta colaboración; o levantamento topográfico do castelo de San Felipe; o levantamento topográfico do dique da Cabana, xunto o clube de remo; e o levantamento xeométrico-topográfico do Baluarte de San Xoán.

Co Concello de Narón asinou un convenio para levantar diversas fincas; co Concello de Ares, para o levantamento xeométrico-topográfico das baterías da Ría de Ferrol. Coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte e co Concello de Monterrei, para o levantamento

Alfonso Fuentes Martínez foi profesor no Rodolfo Ucha durante 31 anos.

Si, tiven esa sorte

Porque sempre poderei dicir que coñecín e compartín momentos cun ser humano excepcional. Excepcional na amizade, excepcional no compañeirismo e excepcional coma profesor; porque se aceptamos coma excepcional "o pouco común", sen dúbida ningunha, Alfonso Fuentes era un ser excepcional. Facía doado o difícil na aula e os seus numerosos alumnos e alumnas son testemuña disto. Sempre estaba cerca daquel que o necesitaba, mesmo cando nas primaveras chuviosas e frías de Doniños encontraba un anorak para alguén que se cría de Bilbao e non fora preparado para os seus traballos de campo. Sinxelamente, eu creo que el era O PROFESOR.


Tiña ese don de saber estar non momento oportuno e no sitio máis adecuado pero tamén dominar "il tempo". Houbo unha época da miña vida que non foi a máis feliz. El era nese momento o amigo das tres e media, ese amigo que sempre pasaba de casualidade e te acompañaba a tomar algo (sempre por casualidade). Quizais eu tiveron moita sorte cos meus amigos, pero el era así.

E que dicir coma compañeiro? Simplemente que cando alguén necesitaba unha axuda el estaba dunha maneira altruísta, sen pedir nada xamais: o Rodolfo Ucha está cheo das súas colaboracións desinteresadas. E direi máis: Alfonso é será unha parte importante do chamado espírito do Ucha.

Querido amigo, marchaches sen darme a oportunidade de despedirme e escolliches o momento no que eu estaba máis lonxe, quizais porque te gustaba pasar desapercibido e non facer ruído; para que? Só te desexo que onde te encontres teñas eses bos roxóns e lingua estofada que tanto te facían gozar.

J. R. Veiga Formigo

arquitectónico e topográfico da fortaleza de Monterrei. Co Centro Internacional de Estudos de Fortificacións e Apoio Loxístico (CIEFAL) e co Concello de Palas de Rei, o levantamento xeométrico-topográfico do castelo de Pambre.



Sección e planta correspondentes ao traballo de levantamento topográfico do castelo de S. Felipe, realizado polos alumnos do módulo profesional de Traballo de Campo e Gabinete baixo a dirección de Alfonso Fuentes

Cabe destacar que, dende os primeiros traballos, o centro contou coa inestimable axuda do Coronel de Intendencia da Armada Juan Antonio Rodríguez-Villasante Prieto, actualmente membro do Consello Internacional de Monumentos e Sitios Históricos (ICOMOS) e Director do CIEFAL. Precisamente durante os labores para realizar o levantamento do castelo de Pambre, no primeiro día dos traballos e co convenio na súa mochila disposto para ser asinado polo alcalde, aos pés da fortificación, iniciada a fixación das bases topográficas cun GPS, Alfonso sufriu un infarto que non logrou superar.

Como compañeiro, o seu carácter pacífico, de bo trato cos demais, traballador e loitador que non se asustaba ante obstáculo ningún fixo que un algo abusáramos das súas horas libres para facer labores pouco ou nada remunerados como son os armarios das aulas 10 e 11, o despacho do profesor encargado da biblioteca, a rampla para o acceso de persoas con mobilidade reducida ao escenario do salón de actos, así como innumerables obras de carpintería nas instalacións das diversas mostras do ensino nas que participou o centro, ademais dos decorados das obras de teatro, conxuntamente con Eduardo e Pancho.

J. Francisco Rego Maragoto, profesor xubilado da familia profesional de edificación e obra civil, foi director do Rodolfo Ucha Piñeiro durante 21 anos

Dise que un amigo é un irmán que a natureza nos permite escoller. Eu fun un privilexiado porque tiven e teño moitos amigos e entre eles destaca con luz propia Alfonso. Todas as cualidades que me veñen á mente (honestidade, humildade, sinceridade, xenerosidade, comprensión, xustiza, lealdade...) eran innatas nel. O seu recordo permanecerá en min ata que volvamos a vernos. Mentres tanto, os martes, o primeiro grolo vai por ti.

J. Ramón Veiga Formigo é profesor xubilado da familia profesional de edificación e obra civil dende o ano 2011

Remato facendo meu o poema de Alberto Cortez *Cuando un amigo se va...* No lintel da porta do despacho da dirección do centro lese o lema *A verdadeira ensinanza é a que nos transcende*, gravado nunha placa á súa memoria. Ata sempre, Alfonso.

J.F. Rego Maragoto

UN CONTO DE NADAL PARA O VERÁN

O plan secreto de Sabeliña, por Roberto Amado

Naqueles días do Nadal, Sabeliña non paraba de darlle voltas á súa cabeciña. Custáballe moito crer o que recentemente lle desvelara a súa prima maior. Segundo ela, o Papá Noel non existía e todo era un invento dos maiores. Entón, se isto era certo ... quen, cada Noiteboa, lle deixaba os regalos que ela pedía? ou quen lía as súas cartas? preguntábase repetidamente a rapaciña, sen respostas que a convencesen. Por iso, moi decidida, elaborou un plan que a axudaría a descubrir a verdade.

Xa sei...durante a Noiteboa vou finxir estar durmida para ver o que pasa ao meu redor, rosmaba a pequena. Logo, púxose a escribir unha carta ben distinta ás de todos os anos: Desexo que os meus xoguetes llos repartas aos novos amiguiños que andan a pedir esmola coa súa nai polo barrio porque eles os necesitan moito máis ca min, pregaba con interese. Ademais, decidiu non botala ao correo: Isto ía ser a proba definitiva! Se o Noel é máxico e pode levar os xoguetes dos nenos de todo o mundo en tan só unha noite, adiviñará o que lle pido, razoaba.


Era o seu plan secreto e por iso só quixo contarlle á súa mellor e máis querida confidente. Así, aproveitando que a avoa María a recollería á saída do colexio, explicoulle a esta detidamente a trama, baixo a promesa de non poder desvelarlle a ninguén.

A cea de Noiteboa foi unha grande festa familiar. Xuntáronse todas as xeracións na casa dos avós e, coma sempre, abundaron larpeiradas e cancións ata ben tarde, cando os máis pequenos xa durmían. Sabela foi das primeiras en marchar deitarse, tiña preña por comezar o seu plan ... *Descubrirei o impostor? Acordárase dos meus amiguiños?* pensaba mentres loitaba para que non se lle pechasen os seus inocentes ollíños negros. Mais o día fora moi intenso e, pouco despois, o cansazo venceuna. Entre soños, a neniña creu escoitar pasiños curtos e sixilosos que se acercaban e sentiu como alguén cunhas mans doces e enrugadas a acariñaba e bicaba mansiñamente, musitándolle no oído o moito que a quería e prometéndolle estar sempre ao seu carón para protexela.

Pola mañanciña, Sabeliña espertou moi leda e deseguida descubriu aos pés da súa cama unha fermosa boneca de trapo e tamén xoguetes para os seus amiguiños. A pequena correu emocionada na procura da súa avoa para bicala e abrazala. Aquelas agarimosas bágoas selaron o segredo que ambas as dúas gardaron para sempre.

Á miña neta Irene e á súa avoa Mari. Dúas poderosas razóns para desexar seguir disfrutando desta vida.

Roberto A. Novembro, 2011



Roberto Amado Castro é o xefe do departamento da familia profesional de edificación e obra civil do centro

AI GALICIA, MIÑA NAI !

No teu seo fun medrando sen darlle valor,
nos teus campos fun correndo, nin vin seu color.
Tanto tempo case cego do meu *rededor*
e por fin espertei, canto te quero!.

(retrouso)

Ai Galicia miña nai ! deusa da terra e o mar,
onde montes e areais xogan coma bos irmáns
mentres os camiños fan as vellas pedras falar
e ata o ceo *quer* chorar *pra* ver teu verde brilar.

Ai Galicia, auga fresca do fiel manancial
ai Galicia, brisa limpa, lume do meu lar,
meu lar, meu lar.

Dos teus froitos fun comendo, nin sei seu sabor,
das túas fontes fun bebendo, sen pedir razón.
Tanto tempo case cego do meu *rededor*
e por fin espertei, canto te quero!

(retrouso)

Ai Galicia miña nai! deusa da terra e o mar,
onde montes e areais xogan coma bos irmáns
mentres os camiños fan as vellas pedras falar
e ata o ceo *quer* chorar *pra* ver teu verde brilar.


(final)

Polas túas rúas camiñando sen orientación,
nas túas praias namoreime sen mirar o sol.
Tanto tempo case cego do meu *rededor*
e por fin espertei, canto te quero!

Ai Galicia, meu tesoro, miña terra nai.

Música: Manuel Pardo
Letra: Roberto Amado (2012)

*Manuel Pardo é pai de Manuel Pardo, profesor
da familia de actividades físicas e deportivas
do centro*



*A min déuse-
me sempre
por facer o
pallaso
RVB*